



Confederación Intersindical Galega

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

Plataforma negociación II Convenio Contact Center

Duración:

Dun ano, o 2010.

Ámbito funcional:

Incluír que o convenio sexa de aplicación tamén nos centros de chamadas propios, cando as condicións laborais dese persoal sexan por baixo deste convenio.

Convenios de ámbitos inferiores.

Desaparición artigo 1 e 4. Permitindo que se podan negociar melloras a nivel de empresa e respectando o dereito á negociación no marco galego.

Organización do traballo:

Eliminación total do artigo 11.

Retribucións:

- En primeiro termo a patronal debería cumprir coa suba salarial correspondente ao ano 2009 do 2,25%. A suba será independente da sentenza que dite o Tribunal Supremo, para evitar que teñamos que devolver diñeiro en caso de resolución contraria á primeira sentenza.
- En segundo termo solicitamos a suba salarial lineal de 540€. Suba precisa para que os salarios por baixo da media manteñan poder adquisitivo.
- Incluír un plus salarial de antigüidade ao cumprir os 5 anos de antigüidade na empresa, computando esta dende o primeiro contrato baixo calquera modalidade, incluído o tempo contratado por ETT. A contía deste plus será de 50€ e aplicarase con carácter retroactivo.

- Cando se traballe un sábado se percibirá un recargo equivalente a recarga de domingos.
- Garantir o cobro do plus de idiomas cando se use unha lingua cooficial na propia comunidade autónoma.

Emprego:

- O persoal terá contrato fixo, o sector de Contact Center non se pode considerar a estas alturas unha actividade en vías de consolidación (iso di o actual convenio).
- Os contratos temporais só se poderán realizar para determinadas casuísticas, substitucións por baixas de longa duración ou vacacións do persoal. O contrato por Obra ou Servizo limitarase para novas campañas con duración igual ou inferior a 6 meses.
- Non se poderá contratar persoal de operacións nin de estrutura a través de contratos de posta a disposición. Todo o persoal que estea contratado baixo esta modalidade pasará a formar parte do cadro de persoal respectando as súas condicións laborais e a antigüidade na ETT.
- As empresas estarán obrigadas a entregar á representación legal dos traballadores/as unha copia do contrato mercantil suscrito entre a empresa de Contact Center e a empresa á que se presta o servizo, omitindo unicamente os datos económicos.
- Eliminar por completo o artigo 17. Facilita despedimentos colectivos a marxe das garantías previstas na lexislación básica para estes casos.
- En caso de subrogación, deberase contratar o 100% do persoal que estaba traballando nesa campaña nas mesmas condicións laborais que se disfrutaban na anterior empresa.

Xornada e tempo de libranza:

Xornada laboral:

- 35 horas en cómputo semanal sen rebaixa salarial.
- A duración máxima da xornada ordinaria de traballo realizarase en cómputo semanal, non podendo exceder das 35 horas semanais. A empresa fará un control horario

semanal que será incluído nas nóminas mensuais para coñecemento dos traballadores/as.

- Descanso de 3 fins de semana ao mes.

Distribución irregular da xornada:

Como máximo se poderán traballar ata 7 días continuados, tras os cales se terá un descanso de 2 días ininterrompido.

Vacacións:

- 32 días de vacacións naturais divididos en 28 días e 4 días soltos.
- Cando o período de vacacións fixado coincida cunha incapacidade temporal, terase dereito a dispor das vacacións en data distinta; aínda que rematara o ano natural a que corresponden.

Festivos:

- Os festivos especiais (1 de xaneiro, 6 de xaneiro, 24 de decembro a partir das 20:00 horas, 25 de decembro e 31 de decembro a partir das 20:00 horas), terán carácter de festivo para todos e todas os traballadores e traballadoras do sector, agás para os servizos de urxencias e emerxencias.
- Cando o día de libranza coincida cun festivo, haberá que compensar ao traballador/a con outro día de libranza.

Permisos:

- 80 horas retribuídas ao ano para asistir a consultas médicas tanto da Seguridade Social como privadas.

Incluír dentro destas horas as de acompañamento ao médico para fillos/as menores de 14 anos e ascendentes maiores de 65.

- Aumento de todos os permisos ata o terceiro grao de parentesco.
- Equiparar todos os permisos de matrimonio ás parellas de feito, incluído o de 15 días de permiso por matrimonio.
- Incluirase un novo permiso de 3 días de libre disposición.

Horarios:

- O 60% do persoal terá quenda continúa.
- O persoal ao que se lle asigne unha quenda partida disporá dun plus de dietas consistente na retribución diaria de 7€ o día.

Tempo de traballo

Tempo de descanso:

- De 4 a 6 horas: 20 minutos.
- De 6 a 8 horas: 35 minutos
- De 8 en diante: 50 minutos.

Carreira Profesional:

- Incluír no convenio unha definición estrita de cada unha das categorías profesionais recollidas.
- Recoller dúas novas categorías profesionais:
 1. Teleoperador/a de 1ª, que será alcanzada de xeito automático cando un teleoperador/a especialista leve 2 anos prestando servizo. O salario será o de teleoperador/a especialista e o 4% de incremento.
 2. Xestor/a de 1ª que será alcanzada de xeito automático cando un xestor/a leve 2 anos desempeñando as funcións correspondentes á súa categoría. O salario será o de xestor/a e o 4% de incremento.
- Desaparición da Comisión de Clasificación Profesional. É unha tapadeira para facilitar liberados a cambio de asinar o convenio.

Saúde Laboral:

- O tempo entre chamadas non poderá ser inferior a 50 segundos, tanto en postos de emisión como de recepción de chamadas.
- Incrementar as pausas PVD a 7 minutos.
- A representación legal dos traballadores/as poderá rexeitar a Mutua contratada pola empresa.

- As empresas terán a obriga de subscribir a favor dos seus traballadores/as unha póliza de seguros de accidente (laboral ou común), durante as 24 horas do día, que cubra os riscos de morte, invalidez permanente absoluta ou permanente total, así como a gran invalidez, na contía de 20.000 euros.